

## **EIXES TRANSVERSALS**

### **EIXE DE ACCIÓ 4**

#### **VIVENDA**

**OBXECTIVO OPERATIVO 1**

Establecer liñas de axuda para facilitarlle o acceso a unha vivenda, en réxime de alugamento, á mocidade

Medida 1/ Medida 2/ Medida 3/Medida 4/Medida 5:  
Acceso da xuventude á vivenda en réxime de alugamento

Instituto Galego de Vivenda e Solo

⇒ **Axudas para a promoción de aloxamentos protexidos dirixidos a colectivos especialmente vulnerables**

Tipo de actividade: axudas e subvencións

Obxectivos acadados: a construción de aloxamentos protexidos destinados, en gran medida, para que os alugue a xente moza.

⇒ **Programa Aluga**

Persoas beneficiarias: 4 584

Tipo de actividade: axudas e subvencións

Obxectivos acadados: o acceso a unha vivenda en réxime de alugamento, intentando favorecer que os colectivos con maior dificultade e acceso á vivenda (entre eles a xente moza) poidan optar a un alugamento con rendas accesibles.



⇒ **Renda Básica de Emancipación**



Persoas beneficiarias: 8 095

Tipo de actividade: axudas e subvencións

Obxectivos acadados: o acceso a unha vivenda en réxime de alugamento para mozos e mozas de entre 22 e 30 anos, a través de axudas mensuais.





⇒ **Adxudicación das vivendas de promoción pública en réxime de alugamento**

Persoas beneficiarias: 17

Tipo de actividade: axudas e subvencións

Obxectivos acadados: o acceso a unha vivenda en alugamento a través da inscrición no Rexistro de demandantes de vivenda protexida. Este rexistro pretende facilitar e garantir a transparencia á hora de adxudicarlles as vivendas en réxime de alugamento ás persoas demandantes deste tipo de aloxamentos.

⇒ **Axudas xerais do Plan de vivenda**

Persoas beneficiarias: 337

Tipo de actividade: axudas e subvencións

Obxectivos acadados: o acceso a unha vivenda en réxime de alugamento a través de distintas liñas de axuda.



**OBXECTIVO OPERATIVO 2**

Establecer liñas de axuda para a mocidade co fin de facilitar a adquisición dunha vivenda en propiedade

Medida 1/Medida 2/ Medida 3/ Medida 4/ Medida 5:  
Acceso da xuventude á vivenda en propiedade

Instituto Galego de Vivenda e Solo

⇒ Axudas para a compra dunha vivenda a través do Plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012, mediante o recoñecemento do dereito ao financiamento estatal

Persoas beneficiarias: 544

Tipo de actividade: axudas e subvencións

Obxectivos acadados: o acceso a unha vivenda en propiedade, para intentar favorecer un colectivo que ten máis dificultades á hora de comprar unha vivenda como é a mocidade. Para isto, é necesario estar inscritos no Rexistro de demandantes de vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

⇒ Axudas para a autopromoción de vivendas protexidas dentro do Plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012, para a construción dunha vivenda protexida para uso propio, mediante o recoñecemento do dereito de financiamento estatal

Persoas beneficiarias: 14

Tipo de actividade: axudas e subvencións

Obxectivos acadados: a construción, mediante financiamento estatal, de vivendas protexidas para uso propio.





- ⇒ Axudas para a compra de vivenda dentro do Plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012, mediante incentivos á adquisición dunha vivenda usada, mediante o recoñecemento do dereito ao financiamento estatal

Persoas beneficiarias: 215

Tipo de actividade: axudas e subvencións

Obxectivos acadados: a adquisición de vivendas usadas mediante o dereito a financiamento estatal. As persoas demandantes deste tipo de vivendas deberán estar inscritas previamente no Rexistro de demandantes de vivenda protexida.

- ⇒ Axudas para a rehabilitación privada, mediante axudas autonómicas e xestión das axudas estatais, co fin de mellorar a conservación do noso patrimonio histórico e rural

Persoas beneficiarias: 3 260

Tipo de actividade: axudas e subvencións

Obxectivos acadados: a rehabilitación de vivendas privadas situadas no ámbito rural, histórico ou dos camiños de Santiago, a través da concesión de axudas.

- ⇒ Adxudicación das vivendas de promoción pública, mediante o establecemento de reservas para menores de 35 anos

Persoas beneficiarias: 105

Tipo de actividade: axudas e subvencións

Obxectivos acadados: a compra dunha vivenda de promoción pública por parte da mocidade. Para acceder a este tipo de vivendas, as persoas demandantes deben estar inscritas no Rexistro de demandantes de vivenda protexida.





**Medida 8: Redución no ISD nas doazóns de diñeiro a fillos e fillas descendentes, menores de 35 anos, destinado á adquisición da súa primeira vivenda habitual**

Axencia Tributaria de Galicia

Persoas beneficiarias: 175

Tipo de actividade: axudas e subvencións

Obxectivos acadados: reducir ao 95 % da base imponible no ISD en doazóns de diñeiro ata 60 000 € a fillos e fillas descendentes, menores de 35 anos, para a adquisición da súa vivenda habitual.